ATENEA

Poesía

Nº 30

Revista trimestral do Ateneo Ferrolán **ESPECIAL VERAN 2010**

ATENEA
Revista trimestral do Ateneo Ferrolán Nº 38
Especial veran 2010

Dirección e Coordinación: ATENEO FERROLÁN
Redacción e administración:
Rúa Magdalena 202-204 - Ferrol (Galiza)
Teléfonos: 981.357.970, 981.354.098
Fax: 981.354.098

E_mail: **secretaria@ateneoferrolan.org**
WEB: **www.ateneoferrolan.org**

ISSN: 1575-9679
Depósito legal: C-1937/99


Patrocina:
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política LingÜística

Ateneo Ferrolán

Sumario

ATENEA Revista trimestral do Ateneo Ferrolán Nº38
Especial Veran 2010
DIRECCION E COORDINACION Ateneo Ferolán
CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA **María Xosé Villar Corral**
DESEÑO, MAQUETACIÓN E ILUSTRACIÓNS **Cocinanegra**

Ateneo Ferrolán




Comunicado da Xunta Directiva do Ateneo Ferrolán

Con motivo do inminente inicio das obras de rehabilitación da sede do Ateneo Ferrolán (Edificio 202 e 204 da Rúa Magdalena) iniciamos o traslado temporal dos nosos fondos, que estarán depositados en almacenamento da Empresa Mudanzas Félix polo tempo de execución de dita rehabilitación de quince meses.

Así mesmo, transmitimos ás socias e socios e á cidadanía en xeral que manteremos a atención ó público e a programación prevista, revista trimestral, administración... e calquera outra actividade cultural que desenvolveremos no propio Ateneo Ferrolán ou nun espazo alternativo.

A Xunta Directiva


Ateneo Ferrolán

EDITORIAL 4

Fóisenos SARAMAGO, o Novel portugués afincado en España nos seus últimos anos. Un referente do século XX. Despedímolo con serenidade, con sensación de plenitude, de ampla proxección da súa mensaxe, unha mensaxe de coherencia ética, de humanidade integradora, de valoración e respecto do ser humano no seu entorno vital. Despedida só mancillada, lamentablemente, por un comentario inoportuno, inmerecido, pobre, de curta mirada, feito polo Vaticano, qué pena !!!

A súa obra, o seu exemplo de vida, serán, por moitos anos, fonte, faro e guía para iluminar moitos proxectos, moitas formas de responder ós requirimentos deste cambiante mundo que nos toca vivir.

Ademais, sempre teremos a poesía, que non podemos esquecer e de cando en vez hai que estimular e provocar o fondo dos espíritos para que destilen as esencias do seu ser e nos proporcionen imaxes, ideas, sorrisos e bágoas, necesarias para erguer a mirada e ollar ó lonxe.

Este obxectivo queremos conseguilo con este número especial da nosa revista ATENEA, dedicado á creación poética. Cun ofrecemento feito a socias, socios e público en xeral, abrimos a nosa revista para acoller a inspiración de cantos quixeron participar. O resultado está nestas páxinas.

Tamén estivemos atentos nestas semanas de recollida e mudanza para apartar todo aquilo que, co paso de tanto tempo, por deterioro, duplicidade ou cambio de soporte físico, deixou de ter valor e utilidade. Con ilo tentamos incorporar e mesturar as malas meigas, que habelas haina, e todo xunto foi á queima do día 23, na fogueira da noite máxica co cambio do solsticio de verán.

Purificados por dentro e por fora, abordaremos con ilusión i esperanza os 15 meses de rehabilitación da nosa Sede. Sufriremos estreiteces e limitacións pero estamos seguros de que vai valer a pena.

En xuño de 1983 no acto inaugural do local do Ateneo, diferentes personalidades escribiron acerca do Ateneo Ferrolán, entre eles, reproducimos este paragrafo de Gustavo Luca de Tena (periodista):

Ferrol ten no Ateneo unha das entidades culturais máis activas e comprometidas de Galicia. Este feito, recoñecido por certo cun dos Premios da Crítica en 1982, é un mérito civil, independente das xerarquías do poder ou dos agasallos do diñeiro; é un esforzo dunha sociedade que defendeu sempre a consecuencia co seu tempo e a súa Terra, contra da mentira, as tebras, a predicación do inxusto ou o autoritarismo, e que se aleda en comunidade da saída do arco da vella coas súas cores de liberdade.

No outono de 2011 contamos encetar unha nova e ilusionante etapa no noso Ateneo. Veremos florecer moitas primaveras máis.

BIBLIOTECA • HEMEROTECA

Ateneo Ferrolán

VERAN 2010

Recollido do periódico nos arquivos da nosa Hemeroteca:

"El Látigo: Semanario satírico, vera la luz todos los domingos que no haya eclipse"

Domingo 20 de agosto de 1899

Biblioteca-Hemeroteca
Ateneo Ferrolán
Magdalena 202-204
15402 Ferrol
981357970
biblioteca@ateneoferrolan.org

CONTO GALEGO
A NOITE DE SAN XOAN

Seleccionado por Fernando Rivera

Hai na costa de Portugal un cabo que na antigüedad lle chamban Vicente e agora chamanlle de San
Vicente.
Había un torreiro que lle chamaban Vicente tamén.
Este torreito tivo un fillo que adaprendeu a xastre e lle chamaban coma o pai Vicente.
Feita esta aclaración voulle deixalo sitio a Vicentiño pra que vote o conto.
Desde pequeno teño unha relaxadura crónica que non me deixa comer.
Fará desto (do que vou contar) dúas duceas de anos.
Estando no mes de San Xoán no Raposeiro, atopei con un vello de Serantes chamado tio Pedro, que
é un gran menciñeiro, e que enterado da enfermidade que padecía, díxome que se comprometía
curarme na noite de S. Xoán.
Eu vin o ceo aberto e escuso dicir que aceptei de camiño.
Entonces díxome que tiña que buscar para ir á ceremonia a outro home que lle chamasen Xoan e
unha muller que lle chamaran María.
Púxenme a buscar persoas de confianza que tiveran os nomes ditos, e Xudas ma paroume a María a
Ragata e a Xoan Mida, que se brindaron a zarandearme por enriba do carballo.
Inda non eran as once e media da noite do día 24 xa atopábamos nunha corredoira que hai detrás do
souto de San Xoán, o señor Pedro, Xoan, María e máis eu, sentados acarón dun carballo pequeno,
que viña a ser a receta milagrosa.
-¿Comenzamos, tio Pedro?-dille Vicente.
-Non home non, que temos que comezar a ceremonia na hora mesma das doce se non falla.
-Mire que hora ten don Xoán.
-As doce menos un minuto.
-Preparese entón Vicente, desvístase de pé e perna e súbase ao carballo ata a mes galla, colgando a
cachola pra un lado e os pes para outro, que ningún de nosoutros o poder ter no colo porque pesa
máis cá un boi.

-¿E tenño que estar asi moito tempo?
-Ata que se faga a entrega.
-Vamos logo... asi?
-Colgue máis a cachola... bueno basta. Póñase polo outro lado don Xoán, e cando eu remate de
falar, lle tira forte das orellas ata ceibalo abrixo, que eu llo empuxarei polos pes.
¡Naide se ria!
-¡Toma! Xoán!
-¡Que me das, Pedro!
-¡Un home quebrado!
Cando mo entregues
Entregamo sano
Non polo meu poder
Nin pola miña sabiduría,
Senón polo poder de Deus
E da Virxe María.
Un padre noso
E un avemaría.
-Tire forte polas orellas San Xoán e ceibeo enriba de María!
-¡Ai! ¡ai! ¡ai! que más arrancan.
-¡Cale pochas, cale se quere sanar, que xa vai indo!
María que no tivo forza para aguantarme, deixoume ir de cachola enriba da silveira, e quedei co
corpo feito unha criba.
Despois de mil traballos pra sacarme, dime o tio Pedro, que tiña que repetirse a ceremonia sete
veces. Entón eu dixen:
-Non fai falla, pois según apalpeis, desapareceume o mal, que tiña dende pequeno.
-¡Avemaría que milajre!-dixo o tio Pedro.
-¿E apalpou ben?
-¡Non había da palpar!-Se ata as crebaduras crónicas fuxen de camiño con semellante remedio.
Despois de vestirme con mil traballos convidei aos médicos cabo de Montero é fun dicindo cando
me vin libre deles.
-Sanar non sanei, pois se o digo, fanme pasar sete veces e acaban por tronzarme.

Estimad@s filispin@s, tod@s:

O pasado 29 de xunho de 2010 ás 16:35 h, Rádio FilispiM, a emisora libre e comunitaria da Terra de Trasancos que emite dende Ferrol, deixou de emitir. Neste lugar debería ir unha explicación máis ou menos lóxica e convincente para que todas e todos coñecésemos as razóns de tal "apagón" logo de case que cinco anos de emisións ininterrompidas [cumpriríanse en agosto deste 2010].

En lugar de darvos esa razón "aplastante" que vos deixaría a todas e todos contentas [ou non?] oferecémosvos unha serie de razóns para que vos elixades [ao voso entender] a máis lóxica e convicente.

Este extrano procedimento ten que ver cun experimento que estamos a levar a cabo no departamento Filispiniano de Humanística, de cuxos resultados informaremos en futuras entradas neste mesmo blogue. Permanecede a espera.

Se o desexades podedes elixir e votar pola opción [ou opcións] que pensades son as que teñen motivado a SUSPENSIÓN das emisións de Rádio FilispiM. Para ilo habilitamos un panel de votacións que atoparás na marxe dereita deste blogue. Ademáis, nun derroche de espirito democrático sen igual, podededes deixar o voso comentario ao pé desta entrada.

Estas son as razóns polas que podedes votar. Animádevos!!!:

OPCIÓN 1º. Non hai suspensión, de feito non houbo nen sequer emisións en todo este tempo. Éche todo unha trangallada do Colectivo Opaii!, unha farsa que durou case que cinco anos. Que todo o mundo se entere!.

OPCIÓN 2º. Trátase dunha suspensión das emisións para o mantemento dos equipos e do persoal. Aos equipos háilles que cambiar as lámpadas e ao persoal algún tornillo. En breves volverán ao ár, estou segura.

OPCIÓN 3º. Non apagaron os equipos de emisión, llos apagaron!!! Ou fou Fenosa, por impago, ou a Xunta, por alegais. Escoiteino ontes na pescadería!

OPCIÓN 4º. Foi un apagón de emisións temporal. Van cambiar de ubicación o estudio da radio. Onde estaban eles van montar unha perruquería, eles van para un lugar máis seguro [logo das últimas ameazas... da Policía].

OPCIÓN 5º. Realmente todo é un experimento sociolóxico para estudiar a reacción do pobo de Ferrol e Trasancos tras a desaparación dunha droga á que foi enganchada previamente.



OPCIÓN 6º. La culpa de todo la tiene Zapatero. Sin más, lo dijeron en Intereconomia TV.

OPCIÓN 7º. A suspensión das emisión é tan só unha interrupción. Van cambiar os equipos á unha nova ubicación dentro do Ateneo Ferrolán. Rádio FilispiM pasa a ocupar todo o Ateneo e o Ateneo pasa a ocupar o metro cadrado que lle deron a Filispim hai cinco anos.

OPCIÓN 8º. Ganando como está "La Roja", no sé a que vienen estos temas. Arriba España!!, coño!!

OPCIÓN 9º. Non deixaron de emitir, é unha emisión especial de Aquiloquevibra, están emitindo un maxi dun grupete destes raritos dos oitenta, música experimental, ruidista... So tes que clicar no reprodutor de abaixo.

OPCIÓN 10º. Non. Trátase dunha suspensión de emisións, durante o tempo que dure a instalación da nova torreta: en Montefaro, con 18 dipolos apilados e o novo emisor de 5.000 w.

OPCIÓN 11º. Ten que ver coa comentada fusión de RADIO MARÍA con RADIO FILISPIM, nunha nova cadena que se chamará RADIO MARÍA A TODO FILISPIM STAR. Canto teñan postos os crucifixos, cadeiras eléctricas e demáis aparataxe preparao reanudarán as emisións.


Agora xa podedes votar no panel que habilitamos na marxe superior dereita deste blogue.

En breves,colgaremos en exclusica, unhas extranas e desasosegantes imaxes tiradas o día do apagón filispiniano. Atentas, atentos. Seguiremos informando.

Escoita a Radio FilispiM suspendida no Dial!

OPAII-Rádio FilispiM [93.9 FM]
A rádio livre e comunitária da Terra de Trasancos emitindo dende Ferrol.
http: //www.opaii.blogspot.com
filispina@gmail.com
Apdo. 303 - 15401 Ferrol (Galiza)

O PARNASO




LUAR NO PEITO

Muller do luar sinistro
prolifero quenturas
inquedo, cando te vexo
pois lanzas olladas pirômanas
cando me fitas tan preto.
Muller que me bicas a ialma
cando me bicas, invocas desenfreo
cos teus beizos de fogo,
e ofrécesme un ceo de altura
co teu luar pequecho no peito.
Muller que galoupas acompasado
dacabalo do meu puro nervio
e medras oblicua, tersa
muller miúda e sen lindes
percutes entre os meus brazos
inmensa espida
na procura do sétimo ceo
onde me levas con tremores de vertixe.
Peitete-cereixa ollando firme
darriba-abaixo, dabaixo-arriba.
Feitizo do luar que palpita
na esquerda do peito novo e feble,
arde na neve o luar-no-leite
atrapado polo meu bico épico
fundido, pulverizado, fervente
no xenuíno luar do teu peito.
Móveste na miña cazola de cobre
picante e salgada, Barbantesa,
coma o polbo á feira!

Alfonso Láuzara Martínez

Poema mal parido
sae do revés
e produce un profundo dano
berrando
cortaremos o cordón
que une as dúas galaxias
a galaxia maior
e a galaxia menor
medrará o pequeno pútrido
e chegará tocar o inferno
chamando ás portas de belcebú
abriránse as portas
e por fin veremos
a inutilidade das caldeiras
que sofocan a todas esas mulleres
que loitaron pola supervivencia
dos partos ao revés
berrando poemas mal paridos
que producen profundos danos
nas musas carbonizadas
polo ímpetu de belcebú
e o seu inferno de galaxias maiores e menores

Alfonso Rodriguez





DE LEITE E MILLO

Rapaza de leite e millo
baixo unha batiña
e unha xeometría de madeira
nas mans brancas.

Axiña mestra loitadora
naquelas hurdes galegas,
pel de leite,
millo de loiros fíos
aboiando no verde.

Longos días
en noites delongadas
de madrugadas fondas.

Corpo que escoa,
de nena a nai,
en xeiras agromadas.
Na obscuridade,
ardentía de luzada,
a mañá de mañá.

Daquela o presente
sempre era futuro.

Neste hoxe de hoxe
segue a ser
de leite e millo
coa que chegar a netos.

Arturo Lezcano Fernandez

A CRUZ DE SAN ANDRÉS

O bus perralleiro
segue sempre segue,
tragando a xente
vai pola avenida.
Chove sempre chove,
breve arroto, frea,
vaina defecando
por porta traseira.

Chatarra con rodas
bucina tan farto
de que aínda sirvan
a mesma comida,
máis non hai remedio
e escorre as súas bágoas
que o van enxugando
sobre o parabrisas.

A nena aparece
con mil estampiñas,
dalles a pasaxe,
pasaxe do ceo.
Remexen no peto
e sacan diñeiro...
Ela queda muda,
muda co seu inferno.

O bus e a rapaza
xa rumbo á parroquia
cruzan a barreira

nun canto de cego:
ela dorme tenra
colisión que voa
e él brilla no aire
por soñar esperto.

José Luis Ducid

SONETO PARA "UXÍO NOVONEIRA"

Cunha dor aos Montes Do Courel
voltaches para ver a luz do día,
máis crávase na herba a tua poesía
estoupando na Serra a voz, e a pel.

Non habería tempo como aquel
cando os sonos tornáronse alegría
esquencéndose aquela lexanía
e enchindo de vivenzas o papel.

Os teus versos loitando liberdades
sonan hoxe por ti dende Galiza
para que non se esquezan as verdades.

Nosa lingua entre os versos se desliza
a pé das rúas, dos montes e as cidades
Uxío Novoneira, a Terra iza.

Juana Corsina

O MAR QUE SUBE E BAIXA
O MAR NA SÚA CALMA
O MAR NA SÚA TEMPESTADE, CANDO RUXE, CANDO PELEXA
AUGAS AZUIS CHEAS DE ESPÍRITUS DAS PROFUNDIDADES
SEÑORA NOSA, COIDADORA DOS QUE VIVIN E TRABALLAN
SURCANDO ÁS TÚAS ONDAS MARIÑAS

AUGAS QUE PASAN, QUE VAN E VEÑEN
COMA OS FAVORES QUE PEDIMOS QUE LEVEN
COMA AS DORES QUE SE DILUÉN NO PROFUNDO OCEÁNO
COMA AS PENAS QUE DESAPARECEN

AUGAS CÍCLICAS RENOVÁNDOSE PARA PASAR Ó SEGUINTE
ONDAS AZOTANDO AS BEIRAS DAS TERRAS FIRMES
AUGAS ONDE POUSO A MIÑA MAN PARA COLLER FORZAS

AUGAS DE MAR EN CALMA
DE MAR BONITA, DE MAR ALTA
AUGAS DA MAR NOSA

Lucia Souto Costoya

Ateneo Ferrolán



A BUGUINA

A buguina murmúrame á orella
no seu idioma de escuma de mar
de monótonas ondas que bican a area
e que saben a sal,
cóntame que fun unha serea,
que vivín en liberdade,
que bailaba coas ondas
como quen baila un vals
perfumando todo o ar
co recendo a preamar.

A levo comigo a casa
para que me conte máis,
cada día unha nova historia
sexa mentira ou verdade.
quizáis nunca fun unha serea
pero o cheguei a pensar.

Mª Xosé Mosquera Beceiro


EXISTENCIA

Miro alto e vexo as chagas
nos teus ollos tristes, lonxanos
o teu corpo sigue eiquí pero ti
Ónde estás ti?
perdida nun inferno de preguntas,
infinitas sensacións que no chegan
queres saber e ninguén che responde,
ninguén sabe as respostas
a loucura chama as portas
da túa conciencia
Non a deixes entrar!
ela tampoco sabe a resposta,
non chores máis, non vale a pena
non preguntes
non penses
non sufras
ven, quédate comigo
que volva a túa mirada cristalina
a túa risa transparente
a luz na túa mente,
regresa entera e non penses,
non sufras, non preguntes,
só volve.

Mª Xosé Mosquera Beceiro



Ateneo Ferrolán



VERÁN

Ti xa sabías que era un segredo a voces,
e as voces non eran nin túas nin miñas.
Berraba o verán e nós só escoitabamos
a auga e os nenos na praia
xogando a construír castelos de area.

E mentres o sol alí enriba
xulgaba as vergoñas dos homes,
o mar desta esquina do mundo
brindábanos ese agosto enteiro.

Miguel Alonso

Baladas na mar

Baixo a escura luz
Devalar de auga
Co po da fariña
Palabras, a voz
Fríosrepenicos
Os sinos na ermida
Caída de antano
Fuxidas lembranzas
Dun, de máis, de outros
Camiño sen fin
Mesto labirinto
Que nos ha levar
Onde é eterna
Faise pradería
Rotas badaladas

Fernando Vilaboa







No repetido camiño
Mesmas rúas, mesmas xentes
De nova necesidade
Ou luares na alborada
Na beiramar remato
De procurar novo abrente

Quixera ser mariñeiro
Dalgún recuncho lonxano
Agocharme na cidade
Medrando cara ao interior
Onde ninguén asubía
As rimas dos devanceiros

Zoa unha canción antiga
Voz do vento nas arbores
O aloumiño de onte
Baixo o ceo dun ollar
De alén de fin volvo á vida
Cada mañá na alborada

Fernando Vilaboa


RETRATO

Ules a lonxanía.
Esas pétalas brancas
na pálpebra espida do teu rostro
fanme tremer.

Olaia Pazos







AMANECIDOS

Só
na
escuma
vexo
a
eternidade

Olaia Pazos

Levo as armas das mans ao extremo
oposto
brindando firmeza
á brisa cargada do orballo das horas
repito
as horas
que vin en solpores desarmados
sobre corpos exhaustos
e rostros exsangües
daqueles que figuraron para min
como para outros
bailando co convencemento absoluto
e a resignación
de estar extintos

Alberte Momán





6 B



® A 2a E









ANHELOS.

Hai moito ruído
e moitas voces.
Hai bule-bule
de moita xente.
Mais síntome soa...
si non te teño.
Se non estás aqui...
presente.
Presente no meu maxín
Presente no meu vivir.
Do discurrir do dia
querote sentir
e que ó chegar a noite,
a miña pel desexe...
non estar sen ti.
Porque
se as tuas mans me tocan,
extremezo.
Se os teus ollos me miran, ruborizo.
O teu sonriso, faime rir
e a túa presenza,vivir.
Non deixes amor de ser “ algo “
Ser “ algo “ por mín.

Elisa Alves Aneiros

A TERRA

Hoxe as nubes danzan indecisas
ao son que marcan os ventos
nas áreas precisas da costa galega.

Hoxe os paxaros non voan,
síntense preguiceiros,
agochados nas ramas dos castiñeiros.

Hoxe as árbores non bailan có vento,
non hai cánticos dos paxaros nos seus niños,
só as follas espidas teñen algo de movemento.

Hoxe a mar non mergulla as rochas
coa súa escuma esbrancuxada
e os percebilleiros cálzanse as botas,
mentras na casa esperan súas namoradas.

Voa, memoria, voa
remexe no máis profundo
as vivenzas que me aledan,
os recordos que eu choro
cando non estou na miña terra.

Sinte, corazón, sinte
como recende a brisa galega
máis instensa cún piñeiro
non é unha troula,
mais eu, non son un trouleiro.

Jorge Miguel Gago Chao



Espera, cun cartón xa está,
díme, unha vez máis, Mamai.
Buraco na sola do zapato,
cun cartón xa está.

Mario Marcos Pardo

CINEXÉTICA ILUSTRADA

Hoxe acertei na testa dunha rata
pero o balín rebotou
nin sequer a manquei
(merda o resorte vai gasto)

Do andar cociña váter o cuarto partillado co meu irmán
espazos ilustrados son
ao patio de luces dan

Mentirosa estrutura alienante a semántica enganosa
patio de luces?
cinza en sórdido ventre sen luz

No fondo edén arcadia
na ágora da arqueta fecal
carreiras
cópulas
grandes sínodos celebran

Se en vez de escopeta de balíns
tívese unha cámara de cine
(coma os meus tíos que traballan na Alemaña)
rodaría documentais
A apaixoante vida do ratume ilustrado

Darlle chumbo as ratas
aléntanos mamai

Mario Marcos Pardo

Non vos enganedes
porque eu son o silencio,
o silencio da noite

(o silencio da morte)

O silencio da pedra que medra
nos teus ollos de terra
como unha campa friorenta
ou unha buguina carrizenta

Non vos enganedes, non,
porque eu son o verbo
que deita no teu lombo
as súas patas medoñentas

(o silencio dos mortos)

E no meu ollar calado
agocho unha dor insostíbel
en eterna fotosíntese...

Non vos enganedes
porque coas miñas mans espidas
sosteña palabras murchas
dun microcosmos inexistente.

(o silencio da morte)

Pois non dubidarei en pousar
a miña carne finxida
nos vosos beizos engurrados,
para o cabo...
obter un sorriso enloitado.

Non vos enganedes, non,

o silencio da morte fálavos

o silencio dos mortos...

Miguel Angel Alonso Diz

A MIÑA FILLA

Meu amor...

non lembro como era a vida
antes da túa vida


non lembro se a lúa cantaba
ou o sol durmía

non lembro se as árbores falaban
ou o mar ruxía

non lembro meu amor,
como era a vida
antes da túa vida.

Miguel Angel Alonso Diz

pro



"ELA, SHEREZADE"

Encendes de palabras as noites
no ronsel das estrelas.
Coma cando sopra un vento lene
a túa voz agarima,
de murmurios
un canto de serea...
que mergulla a respiración
e engaiola
co seu manto de algas abertas
os impulsos.

Son voces de son
navegante no papel mollado
que se afonde no corazón
perdido desta botella,
á deriva.
E naufraxios...
que borran todas as singraduras
do pasado
apenas cun golpe de mar.

Mil e unha noites
de pracer e soños,
nun baile entre as ondas,
engaiolado na calma
dos segredos.

A ardentía
ten historias que se contan,
só entre o ronsel das estrelas.
Voces con murmurios náufragos,
caracolas con amores de Persia ou Samarcanda...
e unha ánfora de incenso
entre as ondas,
coma unha danza
envolta no fume dos soños.

Palabras acuáticas,
espellos na auga
co rostro da túa voz
de serea.

Encendes de palabras a noite
e, coma quen fuma un cigarro,
hai un faro que alumea,
á deriva,
entre o mar e as estrelas.
E exhalas unha lingua de fume
marabillosa,
coma o incenso da ánfora,
o amor das caracolas
e os murmurios
no abrazo das algas.

Voces de luscofusco
no confín das ondas,
coa necesidade de amar.

Do libro As horas luminosas (col. Libros da Frouma, Follas Novas, 2005)

Xoan Carlos Dominguez Alberte

Cada periodo de Cultura produce unha arte própia que non pode repetir-se, pero toda regra ten a sua excepcion: Galiza é unha excepcion.

RENER



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202, Ferrol
www.ateneoferrolan.org